


INICIACIÓN AO CULTIVO DE COGOMELOS • GUITARRA I •
 INICIACIÓN Á MAXIA • COMUNÍCATE COAS TÚAS MANS
 II: LINGUA E CULTURA DA COMUNIDADE XORDA • DESIGN
 THINKING: APRENDENDO A INNOVAR PENSANDO NAS
 PERSOAS • OBRADOIRO PRÁCTICO DE HORTA ECOLÓXICA
 • POSTA EN ESCENA DUNHA OBRA TEATRAL • CANTO,
 PERCUSIÓN, GAITA E BAILE TRADICIONAL GALEGO •
 FOTOGRAFÍA DIXITAL



Extensión Universitaria
 UniversidadeVigo

MATRÍCULA ONLINE: <http://extension.uvigo.gal/cultura/obradoiros>

OBRA
 DOI
 ROS



2º CUADRIMESTRE 2016/2017

Prazo de matrícula:
 do 30 de xaneiro ao 10 de febreiro
 1 ECTS ou 2 créditos de libre elección
 Prezos: 26 € / 40 €

UniversidadeVigo

Extensión Universitaria


Máis información

CAMPUS DE VIGO
 Extensión Universitaria
 Edificio Miralles
 Lagoas-Marcosende
 986 813 626

Registro Auxiliar
 EE Industrial (Peritos)
 Torrecedeira, 86
 986 813 610

CAMPUS DE PONTEVEDRA
 Rexistro Auxiliar
 EE Forestal
 A Xunqueira
 986 801 955

CAMPUS OURENSE
 Rexistro
 Edificio Administrativo
 As Lagoas
 988 387 103



2016/801

INICIACIÓN AO CULTIVO DE COGOMELOS

Marisa Castro, Hugo Fernández, Gabriel Pérez, Sergio Rojo, María Cabaleiro, Andrés Cordeiro e Paula Estévez

Este obradoiro permitirá coñecer as diferentes especies de cogomelos cultivables, os métodos de produción (troncos, camas e pacas) e a lexislación sanitaria vixente. Tamén se aprenderá a culturalos na contorna doméstica, as técnicas de desinfección e esterilización e analizaranse as aplicacións derivadas do cultivo de cogomelos. O obradoiro inclúe unha visita a un centro de produción de cogomelos.

Lugar: Fac. de Bioloxía
Teórica: A 4-Bloque B, 1º andar. Práctica: Lab. docencia 4-Bloque A, 1º andar
Límite de prazas: 24
Duración: 30 horas
Data de inicio: 21 de febreiro
Horario: martes, de 16.00 h. a 18.00 h. e xoves, de 16.00 h. a 19.00 h.

2016/802

GUIARRA I

Francisco Almodóvar

Iniciación aos fundamentos básicos de guitarra, partes do instrumento, posición das mans na guitarra, etc. Tamén se aprenderán os acordes básicos cos que se poden acompañar moitas cancións para adquirir soltura co instrumento.

Imprescindible levar guitarra

Lugar: Camerinos do teatro
Límite de prazas: 10
Duración: 30 horas
Data de inicio: 17 de febreiro
Horario: venres, de 10.00 h. a 13.00 h.

2016/803

INICIACIÓN Á MAXIA

Mago Cali

Aprenderás xogos de maxia, de matemáticas e física recreativa, algúns deles sinxelos pero outros máis avanzados e complexos. Os materiais empregados serán papeis, panos, cordas ou cartas. Tamén se aprenderá como falar en público e os alumnos gravaranse en vídeo para visionarse despois e poder mellorar a súa comunicación. Ao final do obradoiro celebrarase un espectáculo de maxia entre todos os alumnos e alumnas participantes.

Lugar: Edif. Miralles
Límite de prazas: 20
Duración: 30 horas
Data de inicio: 13 de febreiro
Horario: luns de 16.00 h. a 19.00 h.

2016/804

COMUNÍCATE COAS TÚAS MANS II: LINGUA E CULTURA DA COMUNIDADE XORDA

Inmaculada C. Báez, Ruth Lamas e Alba T. Puentes

Aprenderás a expresarte e comprender en Lingua de Signos Española (LSE) mensaxes sinxelos da vida cotiá das persoas. O coñecemento do alfabeto dactilolóxico permitirache comunicarte nesta lingua en temas coñecidos e frecuentes (educación e traballo, lecer e viaxes, compras, saúde, organización política e social ou universo e xeografía física) ademais de ter coñecemento sobre aspectos como as normas sociais e culturais da comunidade xorda.

Lugar: Fac. de Filoloxía e Tradución. Aula A-12
Límite de prazas: 20
Duración: 30 horas
Data de inicio: 14 de febreiro
Horario: martes e xoves de 16.00 h. a 18.00 h.

2016/805

DESIGN THINKING: APRENDENDO A INNOVAR PENSANDO NAS PERSOAS

Manuel J. Fernández, Iñigo Cuiñas, Perfecto Mariño, Manuel Caeiro, Enrique Costa e Francisco J. Díaz Otero.

Trátase dunha metodoloxía empregada por empresas punteiras (Apple, Virgin ou Toyota) para fomentar a innovación centrada nas persoas: trata de pór o foco nos problemas reais para buscar propostas (produtos, procedementos, deseños) que solucionen, ou polo menos mitiguen, estes problemas, en lugar de crearlles novos quebradizos de cabeza. Proporciona ferramentas para observar e comprender o problema e, a partir de aí, foméntase a xeración de ideas, tantas como sexa posible.

Lugar: E.E. de Telecomunicación Laboratorio LD02. Zona comercial da Cidade Universitaria, Estacións de ferrocarril e autobuses de Vigo e Aeroporto de Vigo
Límite de prazas: 20
Duración: 30 horas
Data de inicio: 5 de xuño
Horario: 5, 7, 9, 12 e 14 de xuño de 10.00 h. a 16.00 h.

2016/806

OBRADOIRO PRÁCTICO DE HORTA ECOLÓXICA

Jacobo Ojea Reyes

Curso case totalmente práctico no que o alumnado aprenderá a deseñar e xestionar un espazo para a creación dunha horta ecolóxica. Ademais, poderá saber planificar a horta en función dos tipos de cultivos e rotación e ciclo anual e estacional dos mesmos. Tamén construírá bancales con bardos cerámicos e un bancal *hugerkultur*. Elaborará diferentes tipos de compostaxe e composteiros e aprenderá a construír espazos para fauna útil como bichohote-

les, caixas niño ou pousadeiros para aves.

Lugar: Horto universitario (detrás do CINBIO)
Límite de prazas: 25
Duración: 30 horas
Data de inicio: 13 de febreiro
Horario: luns de 17.00 h. a 20.00 h.

2016/807

POSTA EN ESCENA DUNHA OBRA TEATRAL*

Pepa Barreiro (Teatro de Ningures)

Neste obradoiro e despois de aprender no anterior cuatrimestre (Iniciación ao teatro) todo o traballo de corpo e vocal necesario, o alumnado traballará na posta en escena dunha obra de teatro que se estreará na Mostra Internacional de Teatro Universitario que organiza cada ano a Universidade de Vigo.

Lugar: Edif. de deportes. Sala de ioga
Límite de prazas: Só para os matriculados no obradoiro do 1º cuatrimestre
Duración: 30 horas
Data de inicio: 13 de febreiro
Horario: luns e mércores de 16.00 h. a 19.00 h.

2016/808

CANTO, PERCUSIÓN, GAITA E BAILE TRADICIONAL GALEGO **

Álvaro Rodríguez. (Son das lagoas)

Os asistentes formaranse nos instrumentos, cantos e danzas da man do grupo Son das lagoas. Traballaranse con cancións en cada un dos ritmos básicos de cada instrumento e, no baile, aprenderanse os pasos segundo cada provincia galega. Este obradoiro ten como obxectivo dar a coñecer a base de cada un dos fundamentos de cada instrumento.

Lugar: Teatro de Cidade Universitaria
Límite de prazas: 20

Duración: 30 horas
Data de inicio: 14 de febreiro
Horario: martes de 15.00 h. a 18.00 h.

2016/809

FOTOGRAFÍA DIXITAL


Lalo R. Villar

Curso de fotografía práctico onde resolver dúbidas e buscar unha forma rápida para compartir fotos en redes ou galerías privadas. Poderás mellorar a captura de fotos cun procesado rápido e resolutivo co ordenador grazas a coñecementos básicos de Photoshop. Inclúe prácticas no exterior.

Lugar: E.U. de Empresariais. Aula informática 1
Límite de prazas: 20
Duración: 30 horas
Data de inicio: 13 de febreiro
Horario: luns de 18.00 h. a 21.00 h.

* **Só para os matriculados no obradoiro do 1º cuatrimestre.**

** **As persoas matriculadas no primeiro cuatrimestre que precisen diploma deberán pasar por Extensión Universitaria. Só deberán pagar as persoas que se inscriban por primeira vez.**



Extensión Universitaria
Universidade de Vigo

MATRÍCULA ON LINE

<http://extension.uvigo.gal/cultura/obradoiros>

<http://culturxest.uvigo.es>

Matrícula aberta : do 30 de xaneiro ao 10 de febreiro.

Taxas:

- 26 euros para persoas da comunidade universitaria Universidade de Vigo.
- 40 euros para o público en xeral.

Ao remate do obradoiro entregarase diploma acreditativo (asistencia obrigatoria ao 85% das horas) con recoñecemento de 2 créditos de LE e 1 crédito ECTS para as ensinanzas de grao por cada 30 horas.